



8 DE MARZO 2010

O MODELO FEMINISTA

NON ESTÁ

EN CRISE

8 de Marzo
Unidades Didácticas
Educación Infantil e Primaria

2010

ACTIVIDADE 1

Le o seguinte conto e coñece a Wangari Maathai.

O SOÑO DE WANGARI

Wangari era unha nena pequena que vivía nunha aldeña de África nun país chamado Kenya.

A súa cabana estaba feita de troncos de figueira da mesma maneira que a das súas amigas Muda e Elika. As ramas desta árbore, servían á nai de Wangari para prender o lume e cocinñar a comida de cada día. En verán, a figueira enchíase de froitos saborosos que Wangari e as súas amigas disputaban cos monos e outros habitantes do bosque.

Preto da cabana había un regato, salvaxe como os animais que ían beber ao amanecer.

O lugar preferido pola nena para xogar era un bosque de figueiras, pero, entre todas elas, había unha que lle gustaba moito.

Era unha árbore moi vella, grande como as xirafas que ás veces albiscaba na sabana, cunha copa ancha, tanto como o lombo dos elefantes que, algunhas noites, oía lacazanear polos arredores.

Como era tan vella, a árbore tiña un tronco retorcido, con vultos e buracos que lle permitían subir ata onde as ramas tecían redes de verdor.

Alí arriba, a nena construíu a súa propia cabana.


Coas madeiras que encontraba e coas que sobaban da construción das cabanas de verdade, conseguiu facer un oco propio entre as follas do seu vello amigo.

Encontrábase moi ben alí arriba. Podía observar todo o lugar. Vía á súa amiga Muda cando saía a xogar, ou cando o pequeno impala bebía polas tardes no regato.

Encima da árbore tiña compañía, os paxaros que facían os seus niños, as pequenas serpentes de cor verde que se enroscaban polas ramas delgadas, a caravana de formigas que percorría o tronco, os morcegos que pola noite se alimentaban dos seus froitos.

¡E que bos eran os froitos da figueira!

No estío, a figueira era a mellor despensa da zona, figos grandes e morados que se fendían coa calor do sol.



¡E que bonita era a vella figueira!, case como unha amiga.

Pero un día chegaron uns homes estranxeiros e reuníronse cos homes do pobo. Wangari tentou escoitar o que dicían pero non puido entender as súas palabras.

Por fin marcharon, pero, ao cabo dunha semana, volveron cargados con ferramentas metálicas, serras e enormes camións de cores.

Os camións gustáronlle moitísimo. Muda, Elika e ela quixeron montar neles pero os homes brancos non lles deixaron; dixéronlles que tiñan moito que facer e que xa estaba ben de negros lacazáns que non sabían o que dicían.

A súa alegría ao ver o camiión esfumouse enseguida: Pero, que facían os estranxeiros?

Unha por unha, cortaron todas as árbores, a vella figueira tamén, cargáronas e marcharon con moito ruído deixando o campo pelado e a terra eiva.

Pola noite Wangari non quixo cear; deitouse na súa esteiriña e chorou moito momento na escuridade.

Pasou o tempo e a tempada de chuvias fíxose esperar. O ceo era dunha cor esbrancuxada toldada pola calor que non cesaba. Da terra levantábase un cheiro que entraba polo nariz e non deixaba respirar.

Pasaron días e máis días e non chovía.

O regato comezou a adelgazarse e xa non cantaba como antes.

As ras tampouco se oían ao anoitecer mentres que, na canle, sobresaían unhas pedras redondas que nunca vira.

Os animais estaban nerviosos. A auga que quedaba era de cor marrón e a eles non lles gustaba para beber.

A súa nai, un día, dixo que non tiña leña para cocinñar. Pola noite Wangari tiña fame. A familia comeu un pouco de mandioca sen cocer.



Por fin choveu, pero a auga corría pola terra eiva e levábaa non se sabe onde. A chuvia debuxaba canles e liñas moi profundas ali onde antes estaba a vella figueira.


A nena estaba moi triste e as súas amigas tamén. Xa non podían xogar a agacharse detrás dos troncos das árbores, a cabana na árbore desaparecera e o regato cada vez estaba peor.

Aquela noite Wangari foi durmir con bágoas nos ollos pero... tivo un soño:

medrara. Convertérase nunha muller que volvía á aldea cun saco ao lombo.

- Que levará neste saco?

Achegouse ao lugar onde antes había o bosque de figueiras e puxo a man dentro do saco. Sacou unhas cousas diminutas que case non se vían, agachouse, fixo un buraco na terra e colocou dentro aquelas cousas. Tapounas con terra, foi ao regato, colleu auga e regounas.



Durante moito momento fixo este traballo e cando rematou, comezaron a medrar pequenas plantiñas que pronto se converteron en árbores e como por arte de maxia, volveu a aparecer un bosque como o que existía antes.

Enseguida comezou a chover pero a terra xa non fuxía non se sabe onde porque as raíces das árbores a retiñan e o regato comezou a cantar feliz.

Púxose tan contenta, que decidiu que llo contaría ás súas amigas e que, xuntas, buscarían sementes para sementar tantas árbores que a terra estaría contenta, a súa nai tería leña para prender o lume e elas poderían xogar como sempre.

Àngels Cardona



WANGARI MAATHAI

Wangari Maatahai naceu o 1 de abril de 1940 en Kenya e pertence á comunidade dos kikuyu.

O mes de decembro de 2004, foi galardoada co premio Nobel da Paz polo seu labor como activista ecoloxista.

Wangari percibiu que a deforestación do territorio erosionaba o chan e creaba pobreza e desnutrición. Entón emprendeu o proxecto de reforestación máis impresionante da nosa época: o movemento do CINTO VERDE, un movemento de base liderado por mulleres que, desde que se puxo en marcha, permitiu a plantación de máis de 30 millóns de árbores só en Kenya.

Nas actividades do movemento CINTO VERDE participan milleiros de persoas, sobre todo mulleres de zonas rurais. Esta iniciativa contribuíu á creación de máis de seis mil viveiros de árbores xestionadas por seiscentas redes locais.

Ademais do seu labor como ecoloxista e axudar ás mulleres das zonas rurais, Wangari desenvolveu un papel clave na democratización do seu país.

Durante o réxime autoritario de Daniel Arap Moi, foi prendida e sufriu malleiras e vexacións.

Finalmente, foi escollida parlamentaria e, desde o ano 2003, exerce o cargo de viceministra de Medio Ambiente e recursos Naturais.



ACTIVITATS

Localización

Busca nun mapamundi onde está situado o continente africano e nel, Kenya.

Vocabulario

Busca no dicionario as palabras seguintes: sabana, impala, mandioca, estío.



Comentar en pequeno grupo:

- Gustaríache ter unha cabana nunha árbore?
- Como a construírías?
- Que farías alí?
- Sabes como é unha figueira?
- Coñeces outras árbores ademais da figueira?
- No conto saen animais de África. Saberías dicir máis?
- ¿Por que os homes brancos cortaron as árbores?
- ¿Que fan os homes brancos coas árbores cortadas?
- Pregúntalle á túa profesora ou profesor se existe algunha relación entre as árbores e a chuvia.
- Sementaches unha árbore algunha vez?

Aproveitar unha saída ao campo para recoller sementes dalgunha árbore.

Pedir ás nenas e aos nenos que traian un testo da casa e sementar a semente.

Regala e coidala a diario. Cando a semente medre, ir de excursión ao monte e plantar as futuras árbores.

Imaxina o bosque que se creará cando as árbores medren. Debúxao con animais, plantas, etc.

Debúxate a ti e ás túas amigas e amigos no bosque

ACTIVIDADE 2

OBXECTIVOS:

- Visibilizar as mulleres que contribuíron na mellora e desenvolvemento da sociedade a través da transmisión do coñecemento ao longo da historia.
- Traballar en equipo e colaborar para a realización dunha tarefa.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

1- O profesorado explica a través de imaxes os logros e avances conseguidos no ámbito da ciencia, das humanidades, das artes, da política e dos movementos sociais polas seguintes mulleres ou outras:



Hipàtia d'Alexandria
 Mary Wollstonecraft
 Frida Kahlo
 Clara Campoamor
 Victoria Kent
 Ana M^a Matute
 Marie Sklodowska (Curie)
 Jane Gooall
 Ada Lovelace
 Helena Cortesina
 Anna Keichline
 Hildegarda de Bingen
 Aung San Suu Kyi
 Toni Morrison
 Wangari Maathai

2- O alumnado relaciona a imaxe ou o nome da científica, humanista, política, activista ou artista cunha imaxe dun obxecto relacionado co traballo, tarefa ou descubrimento realizado por esta.

Exemplo: Hipatia de Alejandria




3- A profesora ou o profesor explica ás alumnas e alumnos que van crear unha árbore que representa o agradecemento e recoñecemento da súa clase/grupo/colexio a aquelas mulleres que contribuíron a mellorar a vida das persoas ao longo da historia.

O alumnado de infantil ou primaria, utilizando un papel en branco con forma de follas de árbore, realiza un debuxo da muller científica, artista, humanista, ou política e dun obxecto que a identifique coa achega que esta realizou á sociedade. Na parte superior da follas, as alumnas e alumnos escriben con letras maiúsculas o nome da muller e a disciplina á que pertence.

Unha vez realizados os debuxos, utilizando papel continuo branco e coa axuda da profesora ou o profesor, o grupo debuxa e pinta unha árbore de 2 metros de altura. Cando a figura da árbore estea rematada, o alumnado deberá pegar as follas coas imaxes das científicas, escritoras, políticas etc. na copa da árbore. A árbore pegárase na entrada do centro educativo de maneira que sexa visíbel a calquera persoa que entre a est.



ACTIVIDADE 3 É MÁIS DOADO DO QUE PARECE



“Membas”. Usos lingüísticos, políticos e sociais da linguaxe.

O blog “Miembras” nace co obxectivo de reflexionar sobre os usos da linguaxe como forma de intervención social. Pódese, de forma deliberada, promover a utilización dunha palabra para que o seu uso se xeneralice? Pode a Academia vetar a lexitimidade dun termo cando o seu uso se xeneraliza? Este blog é froito dunha iniciativa persoal e non de ningunha organización política nin sindical. Participa neste experimento lingüístico e emprega o termo membras ¡Úsao! ¡Críticao! ¡Pásao!

O encabezamento deste blog proporciónanos unha ferramenta de arrinque para un uso non sexista da linguaxe, aínda que o espírito do mesmo xorde -como pode lerse- co afán de xeneralizar o uso do termo “miembras” (membras). Preténdese así dar un xiro á linguaxe para integrar nel a realidade das mulleres no noso país, o seu acceso ao mundo laboral, e a visibilización das tarefas, máis alá das puramente domésticas, que a muller realiza nesta sociedade.



A través das actividades suxeridas buscamos como obxectivos:

- lograr a visibilización da muller na sociedade
- fomentar un uso non sexista da linguaxe
- alcanzar unha visión da muller non cinguida ao ámbito do privado e doméstico
- corrixir as accións sexistas na sociedade



ACTIVIDADES

- Escribe no taboleiro como chamas na escola a cada unha das persoas que traballan no teu cole (mestre, mestra, celador, celadora, director, directora, conserxe, conserxa....) Que predomina, o masculino ou o feminino?
- Escribir no teu caderno como nomea a xente maior que coñeces aos personaxes da vida pública (ministros, presidente....) Que predomina, o masculino ou o feminino?



3.- Cres que polo predominio dun ou outro sexo nun traballo o outro debe deixar de ser nomeado, cando tamén está a traballar?

4.- Facede entre toda a clase un mural cun debuxo onde distintas persoas falen entre si referíndose a profesións distintas con nome en masculino e en feminino



ACTIVIDADE 4 DESCOBRE O ECOFEMINISMO

Infantil

- Co alumnado de Infantil, poderíase traballar nos momentos de asemblea, a modo de BITS DE INTELIXENCIA: coa foto de Vandana Shiva: a profesora preséntaa falando da súa biografía e do seu traballo adaptando o vocabulario ao nivel do alumnado.
- Dramatización: unha parte da clase representará distintos elementos da natureza e outra será a encargada de coidar e aloumiñar eses elementos, co fin de traballar nos seus propios corpos sensacións e emocións que xeran tanto o autocoidado como o coidado dos outros para min.
- Falar sobre o Ecofeminismo e o que cren que significa. Aclarar os termos.
- Visitar un parque ou achegarse ás árbores do patio do colexio:

- Abrazar á árbore durante un minuto e comentar a sensación que lles produce.
- Rodear cos brazos un xardín formando un círculo entre tod@s e ser conscientes do aire limpo que temos grazas ás plantas.

Primeiro ciclo:

- Este ano 2010 é o ano da Biodiversidade. Comentar o que significa.
- Chuvia de ideas sobre como podemos coidar o planeta Terra e as especies.
- Falarlles dalgunhas representantes do ecofeminismo: Mary Mellor, María Cereal e Vandana Shiva. Falarlles do ecofeminismo
- Visitar un parque ou achegarse ás árbores do patio do colexio:
- Observar que tipo de árbore é: nome, tamaño, cor do tronco e das follas, forma, etc.
- Recoñecer as partes da árbore e ser conscientes dos beneficios: osíxeno, sombra, froitos, madeira..
- Escribir o campo semántico das árbores. Agrupalos segundo características.
- Escoller un animal ou planta para o coidar este ano.



Poden ser as mascotas da aula.
-Describir, debuxar, etc.
Poden ser les mascotas de l'aula.
- Descriure, dibuixar, etc. ?

- Importancia dos produtos ecolóxicos. Levar algunha froita. Comparar con outras utilizando os sentidos.
- Falar do significado das 3 R: reducir, reutilizar, reciclar.
- Utilizar adecuadamente os contedores de reciclado e solicitar ás autoridades que instalen contedores adecuados.

1º A árbore da vida: pódese realizar un mural na entrada do colexio onde aparece unha árbore con moitas raíces e deixar que os nenos e as nenas completen con palabras en cada unha das raíces elementos que son necesarios para conservar a nosa natureza. A medida que se cubra de palabras a profesora ou o profesor completará a parte de arriba con follas. A idea é que a medida

que as raíces se enchan de aspectos positivos as follas aparecen na árbore.

2º A árbore sen vida:

O mesmo que o anterior pero cóbrense as raíces de aspectos que prexudican a natureza. Esta árbore aparecerá inicialmente con follas e a medida que aparezan aspectos prexudiciais as follas desaparecerán.



Conto para traballar o ecofeminismo en Primaria:

Natividad Cabezas (2009); A familia Reciclín. Editorial Globalia <http://www.editorialkokinos.com/cuentos/gran-mama.html>



7

ACTIVIDADE 5

UNIDADE DIDÁCTICA FEMINISMO EN PERÚ



OBXECTIVOS

- Potenciar no noso alumnado actitudes de valoración para os movementos feministas.
- Analizar algúns dos trazos e características dos movementos feministas; facendo fincapé no feminismo peruano.
- Coñecer a situación da muller peruana dentro da súa sociedade.
- Coñecer os logros que fixeron as mulleres peruanas.
- Coidar o uso da linguaxe. Facer un uso non sexista da linguaxe tanto dentro como fóra das aulas.
- Propiciar unha comunicación baseada no respecto mutuo, no coñecemento adecuado dos sexos e no diálogo como medio de resolver as diferenzas.
- Rematar cos obstáculos que impiden que as mulleres alcancen unha igualdade legal e real.

ACTIVIDADES

1. Sitúa onde se encontra Perú no mapamundi e investiga cantas etnias diferentes hai alí.
2. "O nivel de civilización a que chegaron diversas sociedades humanas está en proporción á independencia que gozan as mulleres". Comentar esta frase de Flora Tristán en gran grupo e ver o que representa o feminismo hoxe en día.
3. Quen foi flora Tristán? Buscar en Wikipedia a súa biografía. Facer unha ficha sobre ela cun debuxo.
4. Estas son algunhas mulleres que continúan hoxe en día os labores de flora Tristán: Gaby Cevasco e Gina Vargas. Busca información sobre elas.
5. Busca imaxes sobre nenas e nenos peruanos. Que che suxiren? Que diferenzas observas entre eles e elas e ti? Cres que as nenas peruanas terán máis dificultades para estudar que as españolas?, por que?
6. Convidemos á aula a unha muller peruana para que fale do seu país e os seus costumes.
7. escoitar un conto típico do seu país que elas lles pode contar e debuxar o mesmo en forma de cómic.



ACTIVIDADE 6 MULLERES DE NEGRO CONTRA A GUERRA

Desde fai varios anos en diferentes partes do mundo, grupos de mulleres vestidas simbolicamente de negro alzan a súa voz nas rúas, no espazo público, para denunciar a violencia e as guerras, sempre iniciadas polos homes a pesar de que son mulleres e nenos finalmente as primeiras vítimas de todo conflito.

Busca en internet información sobre este movemento de mulleres e contesta ás seguintes preguntas:

- Como nace este movemento de mulleres?
- Fálame da figura máis representativa deste move-



mento.

- Sintetiza os principais obxectivos desta organización.
- Que actividades relevantes realizan?
- Analiza algunha das publicacións editoriais que teñen.
- Reflexiona sobre a achega deste movemento á pacificación en diferentes países do mundo.

ACTIVIDADE 7 NAIS DA PRAZA DE MAIO

As nais e as avoas da Praza de Maio son un movemento social de mulleres que xorde durante a ditadura militar arxentina do xeneral Videla para protestar pola desaparición das súas fillas e dos seus fillos (probabelmente asasinados) e pola desaparición das súas netas e dos seus netos, secuestrados para seren criados por parellas que estaban de acordo coa ditadura.

A primeira manifestación foi en 1977 na Praza de Maio, diante da Casa Rosada. Cando comezaron eran unhas poucas e o grupo foi medrando ata chegar a unhas 400 nais que se reunían



todos os xoves na praza. Desde entón seguen organizando marchas e outros actos públicos para que a xente non esqueza ás súas fillas e aos seus fillos, e para pedir que se xulgue aos responsábeis.

Actividades

- Busca o significado das palabras: ditadura, presidente, familia biolóxica.
- Para lembrar a todas as persoas desaparecidas durante as ditaduras imos debuxar nunha cartolina negra un pano como o da fotografía. Tamén podemos coser un pano cun anaco de tea branca. Despois colgaremos na clase, nun tendal de colgar a roupa e con pinzas, cada un dos nosos panos.

